

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA A RENOVACIÓN DE ACABADO EXTERIOR DE FACHADAS DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilasantar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilasantar para a renovación de acabado exterior de fachadas do edificio da Casa Consistorial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- o Concello de Vilasantar, no seu propósito da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes que recibe, como un



importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial no interior do núcleo, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes ó medio onde se emprazan.

O Concello de Vilasantar pretende levar a cabo unha acción tendente ó desenvolvemento do concello mediante a realización dunha serie de actuacións que melloren as edificacións municipais e outros elementos etnográficos cuxo aspecto inflúe de forma negativa na contorna e deterioran a calidade da paisaxe que os rodea. En concreto, preténdese renovar o acabado exterior de fachadas no edificio da Casa Consistorial de Vilasantar.

As actuacións que se realizarán son as seguintes:

- Preparación da superficie de fachadas mediante un rigoroso saneamento da superficie a reparar, limpeza con lanza hidráulica para eliminación dos restos da sucidade incrustada, reparación de gretas, así como colocación de proteccións en ventás para evitar posibles danos, así como colocación de andamio para a realización dos ditos traballos.
- Renovación de fachadas con impermeabilizante, emplastecido e recubrimento acrílico, incluída a reparación de zonas do soporte en mal estado.
- Limpeza e hidrofugado, repaso de rexuntados entre pezas, aplacado de pedras en zócolos, esquinais e recercado de ventás.
- Hidrofugado de terrazas, chan e balaustrada.

O edificio do concello atópase situado, segundo o Plan Básico Autonómico de Galicia, dentro de ámbito de protección de tres elementos patrimoniais: a Igrexa de Vilasantar (Parroquial de Santiago), a Casa reitoral de Santiago de Vilasantar e o Cruceiro de Ru.

Ademais cabe indicar que polo concello de Vilasantar transcorre a ruta do Camiño de Santiago do Norte, recoñecido en 2015 pola UNESCO, xunto co Camiño Primitivo, como Patrimonio da Humanidade, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural. As primeiras peregrinacións cara a Santiago de Compostela están relacionadas co propio



momento do descubrimento da tumba de Santiago nos primeiros anos do século IX e nos séculos posteriores especialmente relacionados ao culto do Salvador en Oviedo, cunha recoñecida vitalidade ata o século XVIII. Estes peregrinos chegaban desde Francia, ou a través dos portos vascos e cántabros de países do Atlántico (Inglaterra, Flandres, Alemaña e Escandinavia), que seguían os trazados das rutas do norte do Camiño de Santiago. Os camiños do norte foron pioneiros, pero durante a Idade Media, os monarcas potenciaron o Camiño Francés como itinerario privilexiado.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Vilasantar unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

